



Programación xeral anual

Curso 2022/23

Plan Anual de Lectura

| Programación xeral anual | | Plan Anual de Lectura | |
|--------------------------|-------------------------------------|--|-----------|
| Capítulo: | IV | Documento: | RPHL |
| Curso: | 2022/23 | | |
| Data de aprobación: | .../01/2023 | Órgano: | Dirección |
| Revisión: | Anual | Notas: | RPHL |
| Lexislación: | Decreto 133/2007 Decreto 86/2015 | Instrucións 6 setembro 2022: organización e funcionamento BE | |



| | |
|--|----|
| 1. Introducción..... | 3 |
| 2. Obxectivos..... | 3 |
| 3. A biblioteca escolar e o centro: liñas de actuación prioritarias..... | 3 |
| 4. Organización de espazos e tempos para a lectura..... | 3 |
| 4.1. Espazos..... | 3 |
| 4.2. Tempos..... | 4 |
| 5. Recursos humanos e materiais..... | 5 |
| 5.1. Recursos humanos:..... | 5 |
| 5.2. Recursos materiais:..... | 6 |
| 6. Actividades programadas e temporizadas..... | 6 |
| 7. Concreción do traballo desde as materias..... | 9 |
| 7.1. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía..... | 9 |
| 7.2. Departamento de Educación Física..... | 9 |
| 7.3. Departamento de Educación Plástica e Visual..... | 10 |
| 7.4. Departamento de Física e Química..... | 10 |
| 7.5. Departamento de Francés..... | 11 |
| 7.6. Departamento de Inglés..... | 13 |
| 7.7. Departamento de Lingua Castelá e Literatura..... | 13 |
| 7.8. Departamento de Lingua Galega e Literatura..... | 15 |
| 7.9. Departamento de Matemáticas..... | 17 |
| 7.10. Departamento de Música..... | 18 |
| 7.11. Departamento de Relixión..... | 18 |
| 7.12. Departamento de Tecnoloxía..... | 18 |
| 7.13. Departamento de Xeografía e Historia..... | 19 |
| 8. Avaliación..... | 19 |



1. Introducción

Seguindo a lexislación vixente e para contribuír ao desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro (PLC), elaboramos o Plan Anual de Lectura (PAL), a incluír na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha é competencia de todo o equipo docente e recolle as actuacións concretas para mellorar as competencias básicas de lectura e de escritura do alumnado en todas as áreas do currículo, elevar os niveis de comprensión lectora e competencia escrita e fomentar o hábito lector entre o alumnado.

2. Obxectivos

- Construír e desenvolver unha competencia lectora, potenciando a comprensión lectora e a alfabetización mediática e informacional (AMI) como base da aprendizaxe en todas as áreas do currículo.
- Formar a comunidade educativa no uso crítico e ético da información, mediante unha boa selección das diferentes fontes documentais ao seu alcance, en todo tipo de soportes (físico, virtual ou dixital), citándoas correctamente, integrando o emprego das TIC (tamén na práctica docente e na aprendizaxe do alumnado) e promovendo a transformación desta información en coñecemento.
- Implicar a comunidade educativa na creación de hábitos lectores, establecendo uns espazos e tempos concretos, e tendo como referencia o uso da biblioteca escolar e os seus materiais no proceso.

3. A biblioteca escolar e o centro: liñas de actuación prioritarias

- Promover a utilización da biblioteca como **recurso didáctico, informativo e creativo fundamental** do centro.
- Promover o **desenvolvemento das actividades da biblioteca** e do **fomento da lectura e da escritura**, renovando e ampliando a oferta sempre que sexa posible.
- **Difundir e utilizar os recursos** da Biblioteca Escolar, coa **colaboración dos departamentos didácticos**.
- Continuar sistematizando a **localización dos fondos** documentais do centro, **rexistrando e catalogando** como mínimo de 300 a 400 títulos por curso entre **novidades e fondo vello**, e facendo expurgación do material inadecuado cando sexa necesario.
- Fomentar a participación e implicación das familias na promoción da lectura como forma de lecer, pero tamén como recurso para a aprendizaxe e o traballo, entrando e participando nas actividades propostas pola BE, xa como usuarios, xa como participantes ou colaboradores en encontros, charlas e obradoiros.



4. Organización de espazos e tempos para a lectura

4.1. Espazos

Biblioteca

- A biblioteca escolar poderá ser utilizada por toda a comunidade educativa en xeral durante os tempos de apertura da mesma: recreos (todos os días, de 11:10 a 11:40) e en horario de dedicación da coordinadora (martes de 9:30 a 10:20, mércores de 11:40 a 12:30; xoves, de 9:30 a 10:20 e venres de 09:30 a 11:10 e despois do recreo, de 11:40 a 12:30). O alumnado pode utilizar a biblioteca escolar durante o tempo do recreo e en calquera sesión de clase, acompañado dun profesor responsable.
- A biblioteca será a aula de referencia para a materia de Proxecto Competencial de 1º e Valores Éticos de 4º. Tamén pode utilizarse como aula de docencia, traballo e lectura para calquera sesión lectiva das materias, previo aviso ao equipo de BE.

Aulas

- **Bibliotecas de aula:** dadas as características do centro e pola escaseza de espazo da biblioteca escolar, varias das antigas aulas de materia acollen parte dos fondos nunha biblioteca de aula con material específico para elas. Este era o caso de LC, LG, MAT, XeH^a, idiomas e música. Porén, dende fai varios anos, debido á reestruturación das aulas por grupos, tan só a aula de música se mantén como tal. Isto provoca: 1- a dispersión dos fondos, complicando o seu rastrexo e control; e 2- a infrautilización de fondos específicos de certas materias. Estas son as aulas que teñen fondos específicos de materia:

| Aula (materia) | Fondos (material) na aula | Uso |
|---------------------------------|--|---|
| Antiga aula de LC | Libros de lectura e consulta | Xa non se utiliza. Nunca para LC |
| Antiga aula de LG | Libros de lectura e consulta | Aula de referencia de 2ºESO |
| Antiga aula de MAT | 13 libros (entre consulta e lectura) | Úsase só para reforzos de MAT |
| Antiga aula de XeH ^a | Material de consulta (atlas...) | Aula de referencia de 1ºESO |
| Antiga aula de Idiomas | Contén material de consulta de CCNN, FQ, Relixión Católica, Inglés e Francés | Economía (4ºESO); Inglés (2ºESO) |
| Aula de música | Material bibliográfico (sobre todo libros de texto) e audio (Cds musicais) | Clases de música |



- **Lectura en formato papel:** Dada a reestruturación da docencia das materias de cada grupo por aulas e a imposibilidade de acceso á biblioteca de aula correspondente, o uso de material específico das materias neste formato é bastante reducido, en favor do formato dixital. Porén, coa instauración da **Hora de Ler**, estase fomentando a lectura de ficción e BD en galego e castelán, e progresivamente iranse incorporando libros informativos de temática variada, e relacionados coas materias e niveis curriculares sempre que sexa posible.
- **Lectura en formato dixital:** Todas as aulas e máis a biblioteca escolar contan cun ordenador do profesorado con acceso á Internet e conectado a un canón de vídeo que poden ser utilizados para a consulta e lectura de información na rede. Tamén se poden usar para esta fin os equipamentos da aula de informática. Estamos dando preferencia ao uso destes medios e formatos na aula.

4.2. Tempos

Os departamentos dedican un tempo diario variable á lectura e á escritura nas materias e en todos os niveis. Velaquí o detalle dos que temos información:

| Materia | Tempo real de lectura/ sesión | Observacións |
|------------------------|--|--|
| BiXe e CuCi | Aprox. 15 minutos | Nalgunhas sesións pode verse incrementada a través de lecturas e consulta de textos de contido científico. |
| EF | 15 minutos, se a sesión non é práctica. | Traballaranse gráficos, esquemas, textos expositivos e argumentativos e vocabulario específico da materia. |
| EPeAV | 15 minutos, variable segundo o contido tratado | Inclúe lectura de imaxes artísticas e técnicas, analizándoas. |
| FQ | 10 minutos | |
| Francés | 20-25 minutos en francés | Ampliable con lectura de textos informativos e/ ou literarios. A miúdo compartida e en voz alta. |
| Inglés | Entre 15-30 minutos, variable. | A miúdo faise lectura compartida, en voz alta. |
| LC / Oratoria | Variable, de 15 a 40 minutos | Ocasional, dependendo de se é necesario o traballo con textos específicos. |
| LG | Aprox. 15-25 minutos/ sesión | Tempos variables segundo as clases. |
| Matemáticas | Aprox. 10 minutos | |
| Música | Arredor de 15 minutos | |
| P. Comp | 40-50 minutos | O traballo das competencias lectoras abarca todo o tempo de clase. Traballo con texto informativo. |
| Relixión | Variable | |
| Tecnoloxía | Aprox. 10 minutos | Preferentemente en Ed. Dixital (3ºESO) e TICs (4ºESO) |
| XeH^a | 30 minutos | Trabállase con imaxes, gráficos, esquemas, mapas conceptuais, seleccións textuais, etc. |

5. Recursos humanos e materiais

5.1. Recursos humanos:



- a) O **alumnado**. Parte do alumnado do noso centro é usuario asiduo da biblioteca para ler, traballar, estudar e utilizar o préstamo, tanto para lecturas relativas ás materias do currículo, como para divertimento persoal. Porén, necesita mellorar a súa competencia lingüística e informacional (comprensión e expresión), polo que cómpre fomentar nel o interese pola lectura informativa e de lecer. Todas as propostas deberán xirar arredor seu, sendo tanto obxecto como axente das actividades cando pide novas lecturas, recomenda, difunde novidades, ou participa nas actividades. Pretendemos seguir contando con **axudantes de biblioteca** nos recreos (actualmente, temos 3 posibles voluntarios/as) para colaborar en tarefas de recomendación, busca de títulos, colocación de libros e vixilancia e seguimento das normas de hixiene e desinfección... e esperamos que formen parte do programa **Bibliotecas Escolares solidarias**, na modalidade de **"Voluntariado na biblioteca escolar"**, en resposta á convocatoria deste curso escolar.
- b) As **familias** teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores dende a casa en moitos casos a través dunha biblioteca propia. Pretendemos seguir implicándoas este curso a través do préstamo personalizado ás familias mediante o programa **"familias lectoras"**, e abríndolles a porta á participación en actividades organizadas dende a biblioteca.
- c) Un **profesorado implicado no uso da Biblioteca Escolar** contribúe na adquisición das estratexias necesarias para unha boa competencia lingüística, e para aprender a aprender. Debe motivar fomentando a lectura e a escritura e propoñendo actividades variadas, ben dende o departamento, ben en colaboración co equipo de biblioteca.
- d) O **equipo de Biblioteca**, formado por tres profesoras do ámbito lingüístico, cunha hora de reunión do equipo máis as seguintes horas de dedicación: Renée Huerta Latrille, coordinadora (5 horas de dedicación á biblioteca, tres gardas de recreo); M^a Luz Barreiro Otero (1 hora de dedicación e dúas gardas de recreo); María Ángeles Abeledo Penas (1 hora de dedicación). O equipo propón unhas actividades e apoia na realización de outras relacionadas coa lectura, a comprensión e a expresión oral e escrita, por exemplo:
- Asesoramento e préstamo de fondos, lecturas nos recreos, recitais poéticos, concursos dirixidos ao alumnado.
 - Ambientación e decoración -se procede, tendo en conta a situación sanitaria- de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións e temáticas traballadas ao longo do curso escolar.
 - Proposta e organización de encontros con autores, ilustradores, artistas... e outros oficios relacionados coa lectura, preferentemente de maneira presencial, ou virtual cando non sexa posible.
 - Fomento das capacidades, das competencias básicas e do uso das TIC a través do manexo do portal de Meiga na rede, consulta do catálogo, formación de usuarios e busca de información.
 - Ademais desas actividades tamén se encarga da xestión e organización da biblioteca: rexistro, catalogación, expurgación, selección e adquisición de novos fondos, altas de usuarios/as, formación de colaboradores, exposición e difusión de fondos, elaboración de guías de recomendacións de material...

5.2. Recursos materiais:

Estes inclúen: a biblioteca escolar (incluíndo as bibliotecas de aula) cos seus fondos en constante revisión e renovación grazas aos orzamentos destinados á biblioteca (do Plambe, do propio centro e outras partidas finalistas destinadas á adquisición de fondos específicos); os ordenadores, PDI e o acceso á Internet e mesmo o material curricular do alumnado.



6. Actividades programadas e temporizadas

| 1º TRIMESTRE | | |
|---------------------|--|---|
| MES | ACTIVIDADE | ORGANIZAN |
| SETEMBRO | Altas de novos usuarios/as | Equipo Biblioteca |
| OUTUBRO | Proposta de itinerarios lectores ou selección de títulos | Dptos. linguas / Biblioteca |
| | Adquisición de títulos dos itinerarios lectores. | Biblioteca/ dptos. |
| | Día das Escritoras : 17 outubro | Biblioteca, LG, LC |
| 1º TRIMESTRE | | |
| NOVEMBRO | 3 novembro: Día do lector e a lectora (Anivers. X. Neira Vilas) | EDLG, LG, Biblioteca |
| | 4 novembro: Día Internacional contra o Acoso Escolar | Coord. Biblioteca, Dpto. FR, Titorías |
| | Sondeo de preferencias para os clubs de lectura | Equipo Biblioteca, LC e LG |
| | Mes da ciencia en galego nas bibliotecas: <ul style="list-style-type: none"> Revisión e catalogación de fondos científicos (CDU 501 a 69) e exposición na biblioteca. Elaboración de carteis con termos científicos en galego. Proposta de lectura e traballo de textos científicos | Equipo Biblioteca, alumnado ITI Coord. Biblioteca Biblioteca, Dpto. Francés (ITI), Club de Ciencia |
| | Conmemoración do 25 de novembro: Día contra a violencia cara as mulleres e nenas <ul style="list-style-type: none"> Actividades de lectura de LC, LG e EDLG na biblioteca Elaboración dun boletín de recomendacións relativo ao tema en colaboración con outras bibliotecas/ librerías. Actividade "pinta o mundo de laranxa": exposición de materiais e lectura de textos relativos ao tema. Traballo con textos relacionados | LC, LG, EDLG, Biblioteca Biblioteca, D.O. Biblioteca, EPeV LC, LG, FR, REL, XeH ^a |
| | Revisión das normas de regulamento da Biblioteca Escolar | Equipo de Biblioteca |
| DECEMBRO | 3 decembro: día internacional das persoas con discapacidade | Dpto. Orientación e titorías |
| | Preparación do Plan anual de lectura | XE, coord. Biblioteca |
| | 1º apadriñamento lector – A Galiña Azul* | Biblioteca |
| | Recomendacións de lecturas e outros materiais para o Nadal Recomendacións conxuntas de lecturas e outros materiais | Equipo Biblioteca, LC, LG, EDLG |
| 2º TRIMESTRE | | |
| XANEIRO | 30 xaneiro: día escolar da paz e a non violencia | Dptos. Orient / Relixión |
| FEBREIRO | 11 febreiro: Día internacional da nena e a muller na ciencia: actividades, boletíns de recomendacións, exposición... | Equ. Biblioteca, P.Comp, BIO/CuCi, FQ |
| | 23 de febreiro: Día da Poesía. Recital poético | Todos, coord. por LG/EDLG; colabora BE |



| | | |
|---------------------|--|---|
| | 2º apadriñamentos lectores – A Galiña Azul* | Biblioteca, <i>voluntarios</i> * |
| MARZO | 8 de marzo: Día da Muller Traballadora Exposición de materiais en corredor e/ ou Biblioteca | Equipo Biblioteca, .Comp, V. Éticos, LG, EpeV, Dptos REL e OR |
| | Recomendacións conxuntas de lecturas e outros materiais | Bibliotecas do Concello (CEIP, IES e municipal) |
| | 20 de marzo: Día da lingua francesa: actividade na aula, lectura, charla informal na biblioteca. | Dpto. FR, Biblioteca |
| | 22 de marzo: Día Mundial da Auga | Dptos. do PDI «Móllate!» |
| | Recomendacións lectoras arredor da auga | Biblioteca, LC, LG e EDLG |
| | 27 marzo a 2 abril: Journées Européenes des Métiers d'Art / 1 de abril de 2023: Día das Artes Galegas | Dpto FR, P. Comp., BE |
| 3º TRIMESTRE | | |
| ABRIL | 2 de abril (a celebrar o luns 3 de abril): • Día internacional do libro infantil e xuvenil: recomendación de libros | Biblioteca, Dptos. LG e LC Alumnado ITI, Equipo BE |
| | 2ª quincena 21 a 28 abril: Día (semana) do libro: • Exposicións arredor do libro • Lecturas públicas • Recomendacións conxuntas de lecturas | Equipo de Biblioteca, EPeV Equ. BE, LC, LG, Familias, persoal do Concello Bibliotecas de Carnota |
| MAIO | 3º apadriñamentos lectores – A Galiña Azul* | Biblioteca, <i>voluntarios</i> * |
| | 15 maio: Día Internacional das familias | Biblioteca |
| | Día das Letras Galegas 2023 Exposición, lecturas, actividades en LG... | Equipo Biblioteca, EDLG, Dpto. LG e EPeV |
| | Redacción da revista escolar | Todos, alumnado, EDLG |
| | 8 xuño: Día Mundial dos océanos | Dptos. do PDI «Móllate!» |
| XUÑO | Recomendacións para o verán | Biblioteca, LG e EDLG |

(*) Observacións: mantemos os apadriñamentos lectores coa Escola Infantil *A Galiña Azul*, de Carnota, veciña do noso centro. Se polas precaucións debidas a brotes de Covid ou doutras doenzas víricas contaxiosas non se poden facer de maneira "normal" (con alumnado, e de maneira presencial), manteremos a alternativa mediante préstamo do material a través da "Mochila viaxeira".

AO LONGO DE TODO O CURSO

- Adquisición de fondos novos, rexistro e catalogación dos mesmos na biblioteca. Daremos preferencia ás autoras e protagonistas femininas, e ao libro informativo fronte ao de ficción.
- Clubs de lectura (a cargo dos Dptos. FR, LG e LC = Equipo de biblioteca escolar).
- Concursos de relatos, de carteis... organizados polos departamentos de LC, LG, FR (equipo da biblioteca) e o EDLG, como por exemplo os de adiviñas ou de preguntas literarias.
- Difusión das novidades e de distintos materiais por medio de dípticos e/ou trípticos sobre diferentes temáticas e/ou conmemoracións e na grella de novidades.



- Encontros con autores, ilustradores ou persoas relacionadas co mundo do libro.
- Redacción de contidos por parte da biblioteca e dos departamentos para enriquecer a páxina web do centro. Cada departamento debe ocuparse de ampliar a súa sección e crear espazos para os traballos do alumnado.
- Os departamentos implicados na organización de actividades complementarias e extraescolares redactarán guías para as mesmas e/ou suxerirán ao alumnado asistente algún traballo escrito sobre elas.
- Redacción dos contidos que se incluírán na Revista do instituto. Cada departamento encárgase de preparar os contidos das actividades que organice ou nas que colabore para publicalas na revista, coordinados polo EDLG.

7. Concreción do traballo desde as materias

- Todos os departamentos didácticos teñen a responsabilidade de traballar a competencia en comunicación lingüística, polo que deben incluír nas súas programacións unhas estratexias para traballar a comprensión lectora e a expresión escrita, seguindo as pautas que recolle o Proxecto Lector de centro.
- Todos os departamentos didácticos velarán polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia, agás cando coincida cun exame ou proba escrita.
- Recoméndase a elaboración de listados de recomendación de lecturas ou material de consulta, en formato papel ou dixital. Algúns departamentos deseñaron con esta fin un itinerario lector para o curso.
- Procurarase a implicación do maior número de departamentos posibles no PDI «Móllate!», que xira arredor do tema da auga.

7.1. Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

a) Rutinas de lectura (Bioloxía e Xeoloxía de 1º, 3º e 4ºESO; Cultura Científica 4ºESO)

- O tipo de textos tratados nesta materia serán de tipo científicos, xornalísticos, esquemas, mapas conceptuais... en diferentes tipos de soportes: libros, revistas, xornais, material dixital, etc.
- Participarase no Proxecto Documental Integrado «Móllate!» arredor do tema da auga realizando proxectos de investigación grupais en relación coa contaminación e sobre a diversidade da fauna mariña do litoral galego (1ºESO) e en relación coa auga e a paisaxe de forma interdisciplinar con Educación Plástica Visual e Audiovisual; e individuais sobre a importancia da auga no noso organismo (3ºESO).
- Proposta de adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) coa materia.

b) Itinerarios lectores

Recursos dixitais:

- Youtube (<https://www.youtube.com/>)
- Gciencia (<https://www.gciencia.com/>)
- Órbita laika (<https://www.rtve.es/play/videos/orbita-laika/>)
- La Voz de Galicia (<https://www.lavozdegalicia.es/>)
- El País (<https://elpais.com/>)
- ABC (<https://www.abc.es/>)
- Meteogalicia (<https://www.meteogalicia.gal/>)



7.2. Departamento de Educación Física

a) Rutinas de lectura

- Na presentación de cada sesión usamos gráficos, esquemas, mapas conceptuais, etc.
- En cada unidade entregamos ao alumnado unha serie de fichas explicativas con textos expositivos e argumentativos, definicións de vocabulario específico da materia, mapas, etc. (aprox. 6 follas por trimestre)
- Recomendamos que os traballos e exames escritos teñan unha boa presentación así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación.

b) Itinerarios lectores

Recursos dixitais: (en constante actualización)

- Youtube: partidos dos diferentes deportes, análise de técnicas deportivas, sesións de relaxación, respiración e ioga, etc.
- [recursos.cnice.mec.es › edfísica](http://recursos.cnice.mec.es/edfísica)
- <http://www.espalda.org/>
- <http://www.estiramientos.es/>
- http://concurso.cnice.mec.es/cnice2005/50_educacion_atletismo

7.3. Departamento de Educación Plástica e Visual

a) Rutinas de lectura (1º e 3ºESO)

- Lectura periódica de textos referentes á cultura e á arte, como novas de xornal.
- Lectura e consulta de materiais da biblioteca: libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
- Consulta de páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
- Ocasionalmente, fanse traballos que implican a busca e selección de información ou a análise de imaxes, artísticas ou técnicas.
- Participarase no Proxecto Documental Integrado «Móllate!» arredor do tema da auga realizando proxectos artísticos relacionados coa auga e explorando particularmente a acuarela e a súa historia, como técnica húmida en base de auga.

b) Itinerarios lectores (libros de consulta)

- Fondos de banda deseñada da biblioteca escolar (1ºESO)
- Material de consulta sobre arte e historia da arte, técnicas gráficas, teoría audiovisual...

Recursos dixitais:

- <http://cerezo.pntic.mec.es/~jgarc246/recursos.htm>
- <https://www.comunidadbaratz.com/blog/10-de-los-museos-mas-impresionantes-del-mundo-ponen-sus-colecciones-online/>
- <https://museos.xunta.gal/es/cgac>
- <https://www.paris.es/museo-arte-moderno>
- <https://www.nuevayork.net/moma>
- <https://www.londres.es/museos-y-galerias>
- <https://www.guggenheim-bilbao.eus/>



- <https://www.museodelprado.es/>

7.4. Departamento de Física e Química

a) Rutinas de lectura

- Lectura, interpretación e discusión diariamente do libro de texto.
- Traballo e análise, aproximadamente dúas veces en cada avaliación, con textos de divulgación científica de diferentes medios como Gciencia, National Geographic, Muy Interesante, Ciencia Aparte de laSexta, La Voz de Galicia, Nós, El País...
- Proposta de adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) coa materia.
- Participarase no Proxecto Documental Integrado «Móllate!» arredor do tema da auga, por exemplo, realizando prácticas no Club de Ciencia relacionadas coas propiedades da auga e tamén na toma de datos da precipitación asociada ao programa MeteoEscolas.

b) Itinerarios lectores

- Artigo: ["El consumo saludable de alcohol no existe"](#) de Deborah García Bello

Ao longo do curso proporanse diversas lecturas parciais ou totais de varios libros. Algúns exemplos:

- Fernández-Vidal, Sonia. *La puerta de los tres cerros*. 2011
- González, Helena. *La química es la cuestión*. 2018.

Recursos dixitais:

- Youtube (<https://www.youtube.com/>)
- Gciencia (<https://www.gciencia.com/>)
- Órbita laika (<https://www.rtve.es/play/videos/orbita-laika/>)
- La Voz de Galicia (<https://www.lavozdeg Galicia.es/>)
- El País (<https://elpais.com/>)
- ABC (<https://www.abc.es/>)

7.5. Departamento de Francés

Francés

Na nosa materia o traballo coas competencias de comunicación lingüística e lectora (especialmente a comprensión) abarca todo o tempo de clase. Atenderemos á mellora das competencias lectoras a través do tratamento de moi diversos tipos de texto.

a) Rutinas de lectura

- Combinarase a lectura en lingua estranxeira individual coa colectiva, tendo como principais espazos a aula, a Biblioteca Escolar e tamén o domicilio particular.
- Traballarase con libros de lectura (lecturas adaptadas, banda deseñada, contos, libro informativo...) da biblioteca escolar. Abarcaranse varios tipos de textos (informativos, literarios, expositivos, argumentativos, xornalísticos, publicitarios, mapas e esquemas).



- Fomentarse a lectura en formato informático utilizando o ordenador do profesorado e a Internet a través da lectura, análise e comprensión da información de artigos da Wikipedia francesa e outras páxinas con información cultural e científica.
- Contribuirase ao coñecemento dos fondos da biblioteca en lingua francesa fomentando o uso de material de consulta específico (dicionarios, libros sobre outros aspectos da civilización francesa - xeografía, historia, literatura, gastronomía, cultura...) para consulta na Biblioteca, na aula ou mediante o préstamo individual.

c) Itinerarios lectores

| <i>Tipos de lecturas</i> | <i>Materiais e recursos</i> | <i>Espazos</i> |
|--|---|---------------------|
| Lecturas complementarias, por áreas. Textos informativos | - Textos tirados do libro de texto e revistas (1º-4ºESO) - Textos tirados da Internet: https://fr.wikipedia.org , https://www.caminteresse.fr/ , https://www.iletaitunehistoire.com/genres/le-covid-19-explique-aux-enfants e outras páxinas web de interese. | Aula, casa |
| Lecturas para escoitar (lectura en voz alta). Textos informativos Textos literarios | - Textos tirados da Internet: https://fr.wikipedia.org , https://www.caminteresse.fr/ e outras páxinas web de interese. - Textos literarios: fragmentos escollidos de contos, lendas, relatos, descrições turísticas... (1º-2º) | Aula, biblioteca |
| Lecturas para gozar e compartir (lectura individual e posteriores comentarios, recomendacións...). | - Relatos curtos, contos, noticias breves, pranchas de banda deseñada... | Aula, casa |
| Lecturas guiadas (formación da competencia literaria). | - Lecturas obrigatorias: 1 ou 2 en 1ºESO e 3 en 2ºESO. O alumnado selecciona libremente os títulos das lecturas entre o material bibliográfico (aconsellado pola profesora), axustado ao nivel que cursa e competencia lectora persoal. | Casa, biblioteca |
| Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Banda deseñada | Banda deseñada francesa, a elixir: en lingua orixinal ou traducida. | Casa, biblioteca |

Para todos os cursos recoméndase a colección de libros de tipo informativo-divulgativo *La grande imagerie*. (Ed. Fleurus). Outras obras recomendadas: MOLIN, Bernard-Pierre: *Astérix. Les citations latines expliquées. De A à Z*. Éditions du Chêne, 2016

| Nivel | Tipo de lectura | Recomendacións (colección, títulos...) |
|--------------|------------------------------|--|
| 1ºESO | Lecturas guiadas | Colección <i>Facile à lire</i> , niveis 1 a 3. CIDEB editrice Colección <i>Un petit livre d'argent</i> . Ed. Deux Coqs d'Or Colección <i>J'apprends à lire avec Sami et Julie</i> . Ed. Hachette éducat. |
| | Propostas abertas de lectura | Banda deseñada: GOSCINNY e UDERZO. <i>Astérix...</i> (colección) |
| 2ºESO | Lecturas guiadas | Colección <i>Facile à lire</i> , niveis 4 e 5. CIDEB editrice Colección <i>Le chat noir: Pomme verte</i> . Ed. Vicens-Vives Colección <i>Un petit livre d'argent</i> . Ed. Deux Coqs d'Or Colección <i>Les petites histoires</i> . Ed. Deux Coqs d'Or Colección <i>Tous lecteurs (conte)</i> . Ed. Hachette éducation Colección <i>Lire et s'entraîner. Niveau 1: A1</i> . Ed. Vicens-Vives |
| | Propostas abertas de lectura | SAINT-ÉXUPÉRY, A. de: <i>Le Petit Prince/ El principito/ O principito</i> |



Recursos dixitais: web da revista francesa de divulgación científica <https://www.caminteresse.fr> (equivalente da *Muy Interesante* española); Wikipédie francesa (consulta de artigos).

Proxecto Competencial (1ºESO)

Esta materia parte do uso continuado da lingua como medio de recadar información en diferentes formatos: o traballo coas competencias comprensión lingüística e lectora (especialmente a interpretación) abarca todo o noso tempo de clase.

a) Rutinas de lectura

Combinarase a lectura persoal ou individual coa colectiva, de xeito compartido e fomentando estratexias de comprensión lectora, mediante a investigación en material de consulta ou na Internet para aclarar aqueles aspectos que lles resulten difíciles de asimilar. O espazo propio da materia é a Biblioteca Escolar.

b) Itinerarios lectores (P. Competencial de 1ºESO e V. Éticos de 4ºESO)

| <i>Tipos de lecturas</i> | <i>Materiais e recursos</i> | | <i>Espazos</i> |
|--|---|--|----------------|
| Libros de consulta xeral | En formato papel e dixital (na Internet): - Dicionarios monolingües, de sinónimos e enciclopédicos - Enciclopedias temáticas e xerais | | Biblioteca |
| Lecturas complementarias, de diversas áreas. Textos informativos xerais | - Libros de curiosidades xerais e revistas de divulgación científica (<i>Muy Interesante</i> , <i>National Geographic</i>). - Textos variados tirados da Internet e outras páxinas monográficas. | | Biblioteca |
| Textos de consulta específicos | En formato papel: - Monográficos, ensaios - Reportaxes e monográficos en revistas. | En formato dixital (na Internet): - Páxinas web especializadas - Documentais audiovisuais. | Biblioteca |

7.6. Departamento de Inglés

a) Rutinas de lectura

- Lectura compartida, en voz alta: arredor de 10 minutos (3ºESO), 15 minutos (1ºESO) e 30 minutos (2º e 4ºESO).
- Participación no PDI "Móllate!" do centro: na materia de inglés tomarán conciencia da contaminación dos océanos e ríos, particularmente por plásticos, e os seus efectos na natureza.

b) Itinerarios lectores

Neste itinerario lector constan fundamentalmente textos continuos de tipo descritivo e narrativo.

| <i>Tipos de lecturas</i> | <i>Materiais e recursos</i> | <i>Espazos</i> |
|--------------------------|---|----------------|
| Textos literarios | 2º de ESO: Philips, Alison: <i>Tales of Arabian Nights</i> . Burlington Books | Aula |
| | 4º de ESO • Sheehy, Samuel: <i>A Refugee Story</i> . Burlington Books (ISBN: 978-9963-273-63-8) • Carroll, Lewis: <i>Alice's Adventures in Wonderland</i> . Vicens Vives (ISBN: 978-88-530-1327-9) | Casa Aula |



7.7. Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Lingua Castelá e Literatura - Oratoria

a) Rutinas de lectura

Tanto en Oratoria como LC, o departamento comprométese a:

- Usar todo tipo de textos en diferentes soportes: libros, material dixital, revistas, xornais... para a lectura de fragmentos de diferentes tipos de textos continuos e discontinuos (científicos, literarios, expositivos, argumentativos, publicitarios, xornalísticos, esquemas, mapas conceptuais...). ao longo do ano académico.
- Traballar a definición, de forma escrita e oral, do léxico básico que se manexa a diario na materia.
- Potenciar a lectura individual e colectiva de textos na clase.
- Practicar a oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións...
- Exixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- Participar no Proxecto Documental Integrado "Móllate!" arredor do tema da auga realizando a busca de información sobre o tema, un discurso argumentativo sobre a necesidade de respectar este recurso e un debate (oratoria) e mediante a busca de diferentes textos en diferentes soportes sobre a temática da auga e a súa análise (LC).

E concretamente, en LC:

- Utilizar as seguintes estratexias lectoras: antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler); durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto) e despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas). Para levar a cabo esta metodoloxía da lectura comprensiva necesitamos fixar un tempo mínimo diario, uns 40 minutos de media, que sempre se poden ampliar ou reducir dependendo das necesidades concretas de cada sesión de clase.
- Colaborar na formación documental do alumnado, con traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presenten nun traballo de síntese.
- Esixir unha lectura trimestral obrigada (pero de títulos de libre elección) en todos os cursos da ESO,
- Esixir unha boa presentación(nos traballos, nos exames...), respectando as normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos, e procurando non mesturar castelán e galego.
- Incluír nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que requiran demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

b) Itinerarios lectores

Polo que respecta as lecturas establecidas no **Itinerario Lector** de Lingua Castelá o alumnado de todos os grupos debe ler obrigatoriamente tres libros durante o curso, un por trimestre. Ditas lecturas son escollidas dun amplo listado de libros dispoñibles na biblioteca escolar.



Realízanse actividades dedicadas á conmemoración do Día das Escritoras, o Día Internacional contra o Acoso Escolar, o Día Internacional contra a violencia cara a muller, o Día da Poesía, o Día do Libro... ou a diferentes escritores ou datas relevantes que esixan o uso de material bibliográfico diverso, a través de apoio textual ou soporte informático (uso de ordenadores e de todo o material dispoñible da biblioteca). Tamén se colabora co Club de Lectura do centro.

Recursos dixitais:

- <https://dle.rae.es/>
- <https://www.muyhistoria.es/contemporanea/articulo/actualidad-frases-celebres-de-clara-campoamor-151619774842>
- <https://www.slideshare.net/indudable/gramtica-en-esquemas>

7.8. Departamento de Lingua Galega e Literatura

Lingua Galega e Literatura

Desde a nosa área trabállase a diario coa lectura e a escritura, tratando de acadar unha boa formación na lectura comprensiva, o cal esixe un traballo progresivo e continuado.

a) Rutinas de lectura

- Traballarase a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, tanto textos continuos (expositivo, descritivo, argumentativo, instrucional, literario, xornalístico, hipertexto...) como textos descontinuos (cadros ou gráficos, táboas, mapas, follas informativas, anuncios, infografías, mapas conceptuais...).
- Traballarase a definición, de forma escrita e oral, do léxico básico que se manexa a diario na materia.
- Aplicación das seguintes estratexias lectoras: antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler); durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto) e despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas).
- Potenciación da lectura individual e colectiva de textos na clase.
- Práctica da oralidade: resumos, comentarios, debates, exposicións...mediante as seguintes estratexias:
 - ✓ Aprender a escoitar
 - ✓ Traballar a entoación e vocalización
 - ✓ Respetar as quendas de palabra
 - ✓ Respetar as ideas dos demais
 - ✓ Reflexionar antes de falar
 - ✓ Expoñer as preguntas con seriedade
 - ✓ Aprender a defender teses ou a rebatelas, argumentando correctamente
- Esixir a necesidade de expresarse correctamente por oral e escrito, adecuando o vocabulario á materia e ao contexto.
- Colaborar na formación documental do alumnado, por medio de traballos individuais ou en equipo, nos que aprendan a manexar información de diversas fontes e a presenten nun traballo de síntese.



- Participar no Proxecto Documental Integrado «Móllate!» arredor do tema da auga realizando unha selección de poemas, textos e lendas onde a auga teña relevancia. Buscaranse poemas que teñan relación coa auga e mandaráselles recoller lendas, coa axuda dos seus maiores.
- Esixir unha boa presentación, así como o respecto ás normas ortográficas e de puntuación na elaboración dos textos (nos traballos, nos exames...), fixándose en non mesturar castelán e galego, pois cométese demasiadas interferencias.
- Incluír nas probas de avaliación diversos tipos de preguntas que esixan demostrar as competencias adquiridas: preguntas de resposta inmediata, exercicios de relacionar os conceptos traballados, interpretación de gráficos, mapas, textos...

b) Itinerarios lectores

O alumnado fará unhas lecturas obrigatorias e outras complementarias que forman parte do **itinerario lector** do departamento:

| Tipos de lecturas | Materiais e recursos (indicando para que nivel) | Espazos |
|---|---|-------------------------------|
| Lecturas complementarias, por áreas. Textos informativos | Textos tirados de xornais e revistas. (De 1º a 4º) Artigos de opinión, crónicas, críticas literarias, encrucillados, humor gráfico, publicidade, vídeos didácticos de lingua como os de #DígochoEu. | Aula, casa |
| Lecturas para escoitar (lectura en voz alta por parte do profesorado). Textos literarios | Textos literarios dos autores: poemas, refráns, lendas... Alguns poden escoitarse aquí: <ul style="list-style-type: none"> • http://www.aelg.org/Polafias/MainPage.do (2º) • http://bitaculas.as-pg.gal/sondepoetas/ (3º e 4º) | Aula, biblioteca , casa |
| Lecturas para gozar e compartir (lectura individual e posteriores comentarios, recomendacións...). Textos literarios e informativos | Relatos ou fragmentos de obras sobre Sociolingüística: (1º a 4º) Núñez Singala, M.: <i>En galego, por que non?</i> Núñez Singala, M.: <i>Menú de enganos</i> Sende, Séchu: <i>Made in Galiza</i> Bandas deseñadas da biblioteca (2º) Callón, Carlos: <i>Como defenderes os teus dereitos lingüísticos</i> (3º) Alcalá, Xabier et al.: <i>Longa lingua. Os contos da Mesa</i> (3º e 4º) Alonso, Fran: <i>Ninguén</i> (3º e 4º) | Aula, casa |
| Lecturas guiadas (formación da competencia literaria). Textos literarios | Lecturas obrigatorias: (unha por trimestre) Escollen os títulos da lista colgada na páxina do departamento: http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1370 | Casa |
| Lectura extensiva: propostas abertas de lectura. Textos literarios, informativos... | <ul style="list-style-type: none"> • Textos tirados dos seguintes lugares: Recursos de GáLiX (de 1º a 4º ESO) - 2º ESO: Galicia Encantada (Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia) - 2º ESO: • https://padlet.com/galixblog/vy936q0zcf68 • https://galiciaencantada.com/ • https://aulasgalegas.org/category/lecturas-compartidas/ | Aula, biblioteca , casa |



| | | |
|--|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> • https://trafegandoronseis.blogspot.com/search/label/Recomendamos - 3º e 4º ESO http://literaturagalega.as-pg.gal/index.html https://www.galicia.gal/ http://bvg.udc.es/catalogo.jsp?opcion=lectura https://padlet.com/galixblog/vy936q0zcf68 | |
|--|--|--|

Para levar a cabo estas actividades relacionadas coa lectura, contaremos coa axuda dos fondos da biblioteca escolar. E farémolo do seguinte xeito:

- As lecturas obrigatorias serán realizadas dun xeito autónomo polo alumnado: poderá escoller os títulos que queira, mesmo algúns que non aparecen na lista coa aprobación do profesor e, posteriormente, presentarse a un exame escrito, realizar unha exposición oral ou un traballo escrito no que demostre que o leu e o que aprendeu con esa lectura.
- Para as lecturas complementarias, é dicir, aquelas que se van realizando a diario, como complemento a algún tema traballado na aula, como busca de información para un traballo concreto, para a preparación dunha exposición, un recitado,... pódense usar os libros da biblioteca, así como moitos dos lugares da internet que citamos na táboa de arriba.
- Realizaremos algunha actividade en grupos na biblioteca. Para iso, tentaremos marcar unhas sesións fixas para cada grupo, sempre dependendo da dispoñibilidade horaria da biblioteca e do ritmo de traballo levado na aula. As actividades a realizar na biblioteca poden ser desde a presentación da mesma, para coñecer mellor os fondos; selección de lecturas dependendo dos intereses, lectura en grupo, lectura e recitado de poemas...

7.9. Departamento de Matemáticas

A lectura é un aspecto esencial para a adquisición das competencias básicas, sendo na materia de matemáticas especialmente importante a correcta lectura dos enunciados debido á precisión coa que se debe abordar todo o proceso de resolución de exercicios e problemas. Debemos prestar especial atención a desenvolver a competencia lectora, educar no uso crítico da información e fomentar o hábito da lectura.

a) Rutinas de lectura

- Unha gran parte do tempo adicado á lectura centrarase no manexo de textos expositivos (cando se expresen resultados), textos argumentativos (cando se xustifiquen resultados e argumentos), textos gráficos, esquemas e mapas conceptuais. A frecuencia destes tipos de textos dependerá do tema que se manexe (por exemplo, serán máis frecuentes os textos gráficos cando se dean funcións) e frecuentemente sucederanse distintos tipos de texto dentro da mesma clase.
- Lectura de prensa escrita e/ou dixital: este é outro material que se pode utilizar con relativa frecuencia nas clases. Detectar erros e analizar conclusións tendenciosas nas sondaxes que se publican, pode ser de grande utilidade para desenvolver o espírito investigador e crítico do alumnado. Así mesmo, das publicacións poden extraerse multitude de exemplos para poñer en práctica os coñecementos adquiridos nas clases de matemáticas, comprobando así o grao de cumprimento das competencias lectoras do alumnado.
- Potenciarase o traballo de investigación e de coñecemento da historia da matemática así como de diversos matemáticos importantes polos traballos desenvolvidos, no ámbito das matemáticas, ao longo da súa vida.
- Participarase no Proxecto Documental Integrado «Móllate!» arredor do tema da auga no cal terán que facer pescudas en internet e análise de datos coa folla de cálculo...



b) Itinerarios lectores

Recursos dixitais:

- Wikipedia: como consulta de información xeral, biografías e anécdotas de personaxes que contribuíron nas ciencias matemáticas e as súas achegas na historia.
- Páxinas de consulta e divulgación e de noticias sobre ciencias e matemáticas na Internet.

7.10. Departamento de Música

a) Rutinas de lectura (3ºe 4ºESO)

Adicaremos duns 12 (3ºESO) a 15 minutos (4ºESO) por sesión á lectura. Cada alumno poderá facer un traballo de investigación e/ou recompilación por avaliación dun tema que terá que expoñer na aula (4ºESO).

7.11. Departamento de Relixión

A materia de Relixión participará activamente coa dinámica que se estableza para este curso así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca, e as liñas xerais de actuación indicadas no proxecto do PLAMBE.

Adicarase en cada grupo o tempo que sexa preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretemento intelectual e formativo.

a) Rutinas de lectura

- Participarase no Proxecto Documental Integrado «Móllate!» arredor do tema da auga, e desde o departamento de relixión neste curso trataremos a importancia da auga nos sacramentos (2ºESO), nos santuarios (4ºESO).

Adaptándonos á idade e capacidades dos alumnos, teremos en conta como accións máis destacadas:

- Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.
- Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado.
- Lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade.
- Lecturas de Encíclicas.
- Lectura sobre unha selección de temas de actualidade (prensa: xornais, revistas, etc.).
- Textos sinodais, con preguntas sobre o lido.
- Extracción da idea principal dun texto, e situalo no seu contexto.
- Realización de exposicións escritas dos textos traballados, resumos e esquemas.
- Utilización de enciclopedias; e de dicionarios específicos da materia.
- Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.



7.12. Departamento de Tecnoloxía

a) Rutinas de lectura

- Fomentarse a lectura como medio de procura de información de contido tecnolóxico, para logo transmitila, organizándoa e presentándoa con corrección.
- Análise dos xornais tanto dixitais, como escritos, procurando información relacionada coa área nos apartados de tecnoloxía e sociedade.

7.13. Departamento de Xeografía e Historia

Trabállase para que o alumnado remate o ano académico tendo manipulado unha ampla variedade de fontes de información das que extraer coñecemento para as materias de Xeografía, Historia e Economía.

a) Rutinas de lectura

- Lectura compartida por parte do alumnado das presentacións diarias da materia.
- Lectura e interpretación de materiais arqueolóxicos.
- Lectura persoal: o profesorado adicará un tempo á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou calquera outro que considere relevante, sobre o que o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.
- Narrativa como recurso didáctico nas Ciencias Sociais: poderase utilizar a novela histórica para reforzar ou complementar algunha das unidades didácticas máis áridas en Ciencias Sociais.
- Comentario de textos: na materia de Xeografía e Historia de 4º de ESO potenciarase o comentario de textos históricos. O alumnado achegaranse á técnica do comentario partindo dunha lectura detida e comprensiva dun texto histórico para chegar a analizar e comentar, utilizando a metodoloxía propia da historia, fontes primarias e secundarias axeitadas ó seu nivel.
- Algúns textos poderán ser determinados coma lectura obrigatoria por parte do docente, e incluíranse coma un instrumento de avaliación.

b) Itinerarios lectores

Empregaremos materiais complementarios, como: monografías, mapas (mudos, físico-políticos, históricos...), estatísticas, gráficos, tamén artigos de prensa, fotografías, e unha serie de textos histórico-xeográficos escollidos.

Recursos físicos: Biblioteca de aula (material de Xeografía e Historia) e fondos específicos da Biblioteca Escolar relacionados coas materias do departamento.

Recursos dixitais:

<https://sixpac.xunta.es/visorhtml5/>

<https://www.openstreetmap.org>

<https://www.ign.es/web/recursos-educativos>

<https://www.geoguessr.com/seterra/es>

<https://www.profesorfrancisco.es/>

<https://enciclopediadehistoria.com/>

<https://www.worldhistory.org/trans/es/>

<https://dialnet.unirioja.es/>

<https://historicodigital.com/>

<https://es.wikipedia.org/>

<https://www.museodelprado.es/>

<https://www.museothyssen.org/>

<https://www.museoreinasofia.es/>

<https://historia-arte.com/>

<https://economipedia.com/>

<http://www.econosublime.com/>



<https://temasycomentariosartepaeg.blogspot.com/>
<http://www.claseshistoria.com/guillermo/ainicio.htm>
<http://educalab.es/recursos/historico/assignaturas/historia-arte>
<http://educalab.es/recursos/historico/secundaria/assignaturas/ciencias-sociales>

8. Avaliación

A avaliación farase tendo en conta os puntos máis importantes dos compromisos e previsións dos departamentos didácticos neste documento. Esta será incorporada á memoria do Plan Xeral Anual e terase en conta para propoñer revisións ou melloras para o Proxecto Lector de Centro e elaborar o Plan Anual de Lectura do seguinte curso.

Este curso será o punto de partida por ser o primeiro da implantación do novo Proxecto Lector de Centro. A partir de entón, os criterios e procedementos de avaliación serán comparativos con anos anteriores. Teranse en conta, entre outros ítems:

- Cumprimento da Hora de Ler.
- Grao de implicación do alumnado, do profesorado e das familias (participación / organización de actividades)
- Número de actividades deste Plan que foron realizadas
- Actividade real da biblioteca: orzamento destinado a ela, número de fondos adquiridos, número de usuarios e préstamos, boletíns e guías publicados.